

francès i anglès. A més, l'autora parla de la censura a Espanya i de la persecució de la llengua i de la literatura catalanes, i els acompanya d'apèndixs prou interessants.

Donem per acabades, doncs, les línies que ressegueixen aquestes comunicacions, unes comunicacions que mostren l'obertura que es va produir durant la dècada de la mort de Riba, i que miren d'estudiar les relacions que es van produir entre les literatures catalana i castellana. Una cosa hi queda clara: ara, més que mai, o com sempre, ens cal evocar Castellet.

Carles MORELL

Universitat Autònoma de Barcelona

LÓPEZ MEIRAMA, Belén / ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2014): *Léxico disponible do galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 71 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*), 199 p.¹

Esta obra é o resultado de varios anos de investigación e de traballo de campo do proxecto *Léxico disponible do galego* (LDG), unha das patas dun grupo de actividade máis amplo, *Disponibilidade léxica en Galicia* (DISPOGAL), que presentou hai uns anos o *Léxico disponible para el español de Galicia* (LDEG, López Meirama, 2008). Por súa vez, o DISPOGAL fai parte do *Proyecto Panhispánico* coordinado por Humberto López Morales (<http://www.dispoxex.com/info/el-proyecto-panhispánico>).

O LDG estuda o vocabulario disponible dos estudantes de 2º de Bacharelato (o derradeiro ano dos estudos secundarios no sistema escolar galego) en 18 áreas temáticas (*centros de interese*): 1. O corpo humano. 2. A roupa. 3. As partes da casa (sen mobles). 4. Os mobles da casa. 5. Os alimentos e as bebidas. 6. Os obxectos colocados na mesa para a comida. 7. A cociña e os seus utensilios. 8. A escola: mobles e materiais. 9. A calefacción e a iluminación. 10. A cidade. 11. O campo. 12. Os medios de transporte. 13. Os traballos do campo e xardín. 14. Os animais. 15. Os xogos e as distraccións. 16. As profesións e os oficios. 17. As cores. 18. O mar.

O núcleo da obra (p. 11-132) conságrase á presentación e xustificación da metodoloxía empregada no LDG. Como resulta previsible, as características principais partíllanse co LDEG, incluídas algunhas innovacións con respecto ao *Proyecto Panhispánico*, como o engadido de 2 centros de interese adicionais (as cores e o mar) e unha diferente estratificación das tipoloxías de poboación, máis adaptada á realidade galega (rural, vila, periurbana, urbana). Non obstante, hai tamén algunhas discrepancias entre os dous proxectos, como a inclusión no LDG da variable “lingua inicial”, de moito interese polas circunstancias sociolingüísticas do galego, ou a decisión de non eliminar as marcas comerciais proporcionadas como resposta polos estudantes. Non obstante, non sorprende que as maiores diferenzas entre LDG e LDEG estean nos criterios de lematización, tanto polas diverxencias internas entre galego e español coma pola diferente situación das dúas linguas no que respecta á existencia e rigor das obras normativas, como se desenvolverá máis polo miúdo a seguir.

A mostra está formada por 800 enquisas realizadas en 50 centros de ensino, seleccionados para contar cunha mostra estatisticamente representativa segundo a distribución xeográfica dos estudantes galegos e o tipo de ensino en que están integrados.² Estas enquisas foron escolmadas de entre un total de 1.500, atendendo aos criterios de lexibilidade e número de respostas, e procurando un equilibrio entre sexos. As p. 14-31 conteñen unha completa análise das diferentes variables sociais e sociolingüísticas da mostra investigada, que se comparan cos datos de 2008 do Instituto Galego de Estatística; este exame

1. O libro recenseado está á venda como edición electrónica en formato PDF (<http://dx.doi.org/10.15304/9788415876687>), se ben que tamén existe unha pequena tiraxe non venal en papel, que foi, precisamente, o formato consultado para esta recensión.

2. A mostra distingue entre centros públicos e centros privados, todos eles de réxime concertado e situados nas cidades.

sociolóxico resulta moi interesante, especialmente no que respecta á definición do perfil de galegofalantes e ás variables que condicionan a escolla lingüística.

O establecemento de criterios de lematización sólidos e coherentes é unha necesidade crucial neste tipo de investigacións. As autoras demostran un profundo dominio da cuestión e, ademais, esfórzanse por xustificar as súas escollas e deixar explícitos os criterios adoptados, unha decisión xenerosa e transparente que supón unha axuda importante para o lector. A tarefa de lematización é arte delicada en calquera lingua, mais no caso galego acada unha complexidade especial. Os investigadores da lingüística galega e as persoas que compoñen textos en galego, para uso persoal ou profesional, sufriron arreo as carencias descritivas do estándar: incoherencia entre as obras normativas, insuficiencia dos dicionarios oficiais,³ escaseza de repertorios terminolóxicos validados polas autoridades académicas, etc. Nalgúns casos, o recurso a unha diversa tipoloxía de fontes (vocabularios terminolóxicos, manuais profesionais, dicionarios de uso, etc.) elaboradas por diferentes entidades públicas ou privadas, con maior ou menor respaldo da entidade elaboradora do estándar, consegue resolver algunhas incertezas, mais noutros casos mantéñense os problemas ou aparecen outros novos. Nese sentido, numerosas páxinas do LDG fan referencia aos problemas levantados polas obras académicas na orientación sobre a mellor decisión lematizadora: p. 82 (*mesa de estudio/estudo*), 102 (*cerro testemuña*), 107 (*colleitar*), 119 (*pizzeiro e floreiro/floresta*), etc.

Os criterios de lematización abranguen unha numerosa tipoloxía de casos problemáticos. Polo xeral, a norma básica é seguir as prescricións das obras normativas, mesmo cando iso obriga a escollas incoherentes (*macarróns*, mais *fideo*, p. 40-41). Ora ben, hai bastantes excepcións a este procedemento e non poucas excepcións ás excepcións, polo que en ocasións agroma unha certa sensación de dispersión e de existencia de incongruencias, sen que sexa totalmente transparente por que nalgúns casos as autoras seguen os traballos lexicográficos de referencia, mesmo cando son conscientes da súa insuficiencia, e por que noutros ocasións se apoian nun suposto ditado da conciencia lingüística dos falantes que non está referendado polos dicionarios. Acontece así, por exemplo, coa creación das parellas de lemas *bus / autobús* (e tamén *bus urbano / autobús urbano*) e mais *moto / motocicleta*, a pesar de que «a distinción non se recolle en ningún dos dicionarios consultados» (p. 104). Sería desexable, por tanto, unha maior clarificación dos motivos que levan a desbotar nalgúns casos os criterios das obras normativas para adoptar preferencias máis subxectivas, que non teñen que ser peores, dito sexa de paso.

Nos traballos deste tipo ten moita importancia a lematización das expresións complexas, que merece unha análise demorada en §2.3.2.7. Polo xeral, as autoras conservan os modificadores e complementos proporcionados polos informantes, unha decisión que implica a creación de numerosos lemas que nunca terían entrada propia nun dicionario ou, no mellor dos casos, serían tratados como subacepcións: *campo de fútbol*, *coitelo de carne*, *servizo de café*, etc. A existencia destas unidades apóianse en variables que teñen un certo cariz subxectivo: o grao de fixación, a frecuencia de aparición nas enquisas, a redundancia semántica entre os elementos que a compoñen, etc. Esas características préstanse á discusión, e eu mesmo mantiven entretidos debates ao respecto cunha das autoras durante a elaboración do protocolo de lematización do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* (Álvarez de la Granja, 2014). Así como as unidades complexas mencionadas liñas atrás son facilmente aceptables, resúltame máis dubidoso o encaixe de lemas como *sachar (as) patacas* ou *sachar o horto*, onde dá a impresión de que o informante está a integrar no lema un contorno lexicográfico, non de que teña unha conciencia unitaria da expresión citada. Actuando deste modo, multiplícase o número de lemas e dificúltase o cómputo da dispoñibilidade do «concepto-base», que agora fica repartido en varias entradas, como acontece nestoutros exemplos do mesmo centro de interese (*os traballos do campo*): *abonar a leira*, *abonar a terra*, *abonar as terras* e mais *abonar o campo*.

3. Convén ter presente, ademais, que cando comezaron os traballos de lematización do LDG, aínda non estaba dispoñible a edición de 2012 do dicionario normativo da Real Academia Galega, polo que os investigadores tiveron que valerse da edición de 1997, excelente desde o punto de vista da microestrutura, mais moi limitado no número de lemas (25.000 entradas) e no tratamento de casos problemáticos.

Na p. 111 deféndese a lematización separada de *mantis* e *mantis relixiosa* «porque segundo indican os dicionarios, *mantis* designa o xénero e *mantis relixiosa* unha especie». Paréceme unha afirmación demasiado puntillosa. A pesar de que non se precisa, supoño que *mantis* é tratada como castelanismo, porque nin o *DRAG* nin o *VOLG* a inclúen no seu lemario. A obra de referencia do castelán, o *DRAE*, trata en pé de igualdade *mantis* e *mantis religiosa* (ambas as dúas remiten a *santateresa*), como corresponde ao uso habitual nesa lingua ou noutras (cf. fr. *mante*). Unhas liñas máis abaixo, na mesma páxina, indícase que «tamén separamos *mel* e *mel das abellas* porque o mel non ten por que extraerse necesariamente daquelas, pois tamén pode proceder doutros insectos». Non se comprende esta afirmación. Os dicionarios son claros na asociación entre eses dous elementos (*Mel*: «substancia doce e espesa que elaboran as abellas co néctar que extraen das flores», *DRAG*2012). Por outro lado, aínda que é certo que algúns outros insectos producen mel, trátase de especies moi relacionadas coa nosa abella doméstica (de feito, pertencen á mesma subfamilia, *Apinae*) e a explotación polo home (meliponicultura) é propia doutras latitudes (América Central, América do Sur, Australia, India, etc.), polo que dificilmente podería xustificar esta división; de feito, a lexislación europea (directiva 2001/110/CE) especifica claramente que a denominación *mel* só pode aplicarse ao produto da *Apis mellifera*.

Como sinaléi anteriormente, o LDG inclúe as marcas e denominacións comerciais, que se especifican no lemario cun asterisco en posición final (p. ex. *Nintendo**). O criterio escollido para determinar se unha forma está lexicalizada ou non é a presenza nos dicionarios, e iso dá lugar a numerosas situacións peculiares, debido ao retraso na incorporación. Así, nomes tan comúns (en ambos os dous sentidos da palabra) para un falante galego como *vespa* ou *vespino* aparecen marcados con asterisco por non estaren lexicalizados nas obras consultadas.⁴ Nalgúns casos agroman as dúbidas sobre a aplicación dos criterios. Por exemplo, a marca comercial *Talgo* (*Tren Articulado Ligerio Goicochea-Oriol*) non aparece con asterisco, aínda que os dicionarios galegos que se escolleron como obra de referencia non a recollen; pode tratarse tamén, é claro, dunha gralla.

Os resultados discúntense entre as p. 133 e 186. A equipa beneficiouse dun programa informático moi versátil, elaborado por Guillermo Rojo, que, ademais de acelerar e optimizar os traballos de edición, permite analizar e cruzar numerosas variables. Nese sentido, as autoras non perden a ocasión de facer propostas de análise do material desde múltiples perspectivas.

Establécense tamén comparacións entre os resultados deste proxecto e os do *Léxico disponible para el español de Galicia* (LDEG), desenvolvido no seo do mesmo grupo e con metodoloxía moi similar. Apréciase no segundo unha maior produción de palabras e lemas,⁵ un desfase que é aínda maior cando se contrapón a produción lexical no LDG dos informantes que se declaran galegos monolingües e a produción lexical no LDEG de quen se declara castelanfalante exclusivo. Suxírese que a xustificación pode estar no descoñecemento do estándar galego, que coartaría a produción dos informantes, porque, ademais, as enquisas foron feitas nas aulas de Lingua e Literatura galega, o que podería condicionar que se interpretasen como exercicios escolares. A seguir, ofrécese como proba a contraposición dos resultados dos centros públicos e privados, porque «a presenza abrumadora do castelán neste tipo de ensino [...] conduce a un maior descoñecemento do galego» (p. 159).

Estou completamente de acordo coa referencia ao pouco dominio do estándar. É máis, o ámbito escolar é só unha das áreas onde se constata este feito, pois a situación é desoladora en todos os dominios, cunha inseguridade lingüística que afecta incluso aos especialistas, que non só carecen de referencias normativas en moitos aspectos, senón que, como xa se referiu en liñas anteriores, reciben adoito informacións contraditorias ou flutuantes.⁶ Ora ben, creo que habería que elaborar máis o argumento dos centros privados, que acho pouco convincente. En primeiro lugar, é discutible a cuestión do maior des-

4. Neste caso, resulta ser máis rápido o estándar castelán, porque estas formas xa entran no *DRAE*23.

5. Hai, por certo, unha gralla na táboa 27; o primeiro termo medio sería 15153,22, e non 5153,22.

6. Pode resultar ilustrativo dese feito, sen ir máis lonxe, a repetición constante nesta obra da forma *promedio*, que está condenada explicitamente polo dicionario da *Real Academia Galega* (*DRAG*2012) e polo *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*.

coñecemento do galego, pois os termos medios globais son practicamente idénticos (19,01 para centros públicos e 18,60 para privados), e, máis aínda, en 4 dos 18 centros de interese (dous deles, “cidade” e “medios de transporte”, de ámbito urbano prevalentemente) hai maior número de formas nos centros privados ca nos públicos. A xustificación dunha maior dispoñibilidade léxica en castelán nos centros privados coído que podería explicarse mellor pola extracción sociocultural dos seus alumnos e non por un (suposto) avasamento do castelán sobre o galego, que habería que ver se é moi superior á marxinação que tamén sofre o galego no ámbito urbano. Precisamente, a atención á variable do ámbito rural ou urbano tamén revela diferenzas interesantes na media de palabras dispoñibles, a favor da cidade, tanto no que respecta ao castelán como ao galego (20,46 vs 21,77 para o LEDG e 18,35 vs 19,02 no que respecta ao LDG).

A obra conta con catro anexos, que están dispoñibles na internet como arquivos en formato PDF: lemas e variantes por centro de interese, lemas ordenados por frecuencia, lemas ordenados alfabeticamente e un exemplo de enquisa cuberta por un informante. Trátase dunha información moi interesante desde diversos puntos de vista, non só na perspectiva da dispoñibilidade. Por exemplo, a consulta da variante gráfica producida polos alumnos proporciona interesante información sobre o coñecemento do estándar gráfico galego, os mecanismos de adaptación de estranxeirismos, a pronuncia, etc., e permite, en última instancia, verificar o proceso de lematización. Hai que referir como inconvenientes que o nome dos ficheiros é moi longo e incumpe varios principios básicos da *onomástica computacional* (espazos en branco, acentuación, caracteres especiais, etc.). O formato non é tampouco o máis axeitado; un documento XML, XLS, RTF ou doutro tipo similar permitiría ordenar alfabeticamente as formas ou transvasalas para un novo texto. Ademais, os documentos non teñen sequera un índice ou un encabezamento que dea conta do capítulo en que está integrada cada páxina, polo que é moi difícil navegar por eles, especialmente a causa do grande número de follas. O apéndice 4 contén a mesma enquisa repetida dúas veces (excepto a páxina inicial). Parte destes inconvenientes poden solucionarse co recurso ao programa *Dispogal* (<http://gramatica.usc.es/dispogal>), dispoñible en liña, que foi a ferramenta empregada polo equipo para os seus traballos (e a onde se envorcaron os datos do LDEG, inicialmente explorados co *Dispolex* da rede panhispánica).

No que respecta a aspectos formais e cuestións menores, hai que sinalar que se trata dunha edición ben coidada, con moi poucas grallas (escapa algunha, claro, como a *lingua incial* da última liña da p. 180). Por lealdade institucional véxome obrigado a rectificar a p. 128, para matizar que, desde 1996, o nome da miña universidade é *Univ. de Alcalá*, omitindo a mención do *río hecho con las sobras de las nubes olvidadas por los vericuetos de la serranía*.⁷ Na bibliografía, por coherencia co que se fai con outras obras lexicográficas, débese colocar «VOLG» como encabezamento da obra editada por González e Santamarina (2004).

Sintetizando, estamos diante dunha obra de primeira magnitude que enche un dos tantos ocos existentes na descrición científica do galego. O traballo está executado con rigor e profundidade metodolóxica. Dase, ademais, demorada atención á explicación das decisións tomadas, polo que labradores noutros eidos onde cumpra levar a cabo tarefas de lematización terán ao seu dispor unha referencia inescusable para axudar nos seus traballos. Outra xenerosa decisión é o completo acceso aos materiais, non só as formas lematizadas de cada centro de interese, senón tamén ás variantes gráficas e, sobre todo, a posibilidade de interrogar o corpus de datos mediante a ferramenta *Dispogal*, segundo as necesidades e curiosidade do usuario.

Xosé Afonso ÁLVAREZ PÉREZ
Universidad de Alcalá

7. Sánchez Ferlosio, *Industrias y andanzas de Alfanhú*.